

**BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN / DUNHA PROFESOR/A DE PIANO PARA O CONSERVATORIO MUNICIPAL MESTRE IBÁÑEZ MEDIANTE CONTRATO TEMPORAL DE INTERINIDADE DURANTE A INCAPACIDADE LABORAL TRANSITORIA DA TITULAR DA PRAZA DONA M<sup>a</sup> JESÚS SANTALLA LÓPEZ**

**I-NORMAS XERAIS.**

As probas selectivas rexeranse polo previsto nestas bases e polo disposto na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Decreto 896/1991, do 7 de xuño, regras básicas e programa mínimos a que R.D. 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se arriba o regulamento de selección de persoal e , supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e demais lexislación concordante que sexa de aplicación.

**II-OBXECTO DO CONTRATO**

É obxecto da presente convocatoria a contratación dun/dunha Profesor/a de piano, de forma temporal, a xornada completa, mediante Contrato de interinidade para cubrir a Baixa por incapacidade laboral transitoria da titular da praza Dona M<sup>a</sup> Jesús Santalla López, profesora de piano do Conservatorio Municipal Mestre Ibáñez.

O proceso se desenvolve baixo os puntos de vista de igualdade efectiva entre homes e mulleres, mérito, capacidade, transparencia e publicidade (Web oficial do Concello de Monforte de Lemos, Taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos).

**III-DURACIÓN DO CONTRATO**

A duración do contrato terán efectos dende a data que fixe o Alcalde - Presidente na resolución que a autorice ata o final da Baixa por ILT da Traballadora titular da praza Dona M<sup>a</sup> Jesús Santalla López.

**IV-RETRIBUCIÓNS MENSUAIS:**

	SALARIO	SS EMPRESA
PROFESOR/A PIANO ( 30 horas lectivas semanais)	1.501,55€	473,75€

**V-REQUISITOS DOS ASPIRANTES:**

Para ser admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán posuír no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

1. Ser español, ou nacional dalgún dos demais Estados membros da Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto nos artigos 57 e 58 do Estatuto Básico do empregado público( Lei 7/2007, de 12 de abril ) en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais e doutros Estados en condicións de igualdade.
2. Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto de traballo, sen prexuízo do acceso ó emprego público de persoas con discapacidade física ou psíquica debidamente acreditada, en grao igual ou superior ao 33%, nos termos recollidos no artigo 59 da Lei 7/2007, de 12 de abril.
3. Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
4. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso o corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público.
5. Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme a normativa vixente.
6. Titulacións esixidas: Grado de Piano ou titulacións equivalentes.
7. Xustificante acreditativo de ter ingresada a cantidade de 83,88 euros en concepto de dereitos de exame ao abeiro da Ordenanza Reguladora de Taxas para o estudo, análise e expedición de documentos, publicada no BOP de Lugo de 29 de decembro de 2011.

## **VI-SISTEMA DE SELECCIÓN**

O procedemento de selección será o concurso – oposición de acordo cos méritos, probas e puntuacións que a continuación se detallan:

- Fase de concurso:

a) Experiencia:

-Por servizos prestados como Profesor de piano, en calquera Administración Pública, a razón de 0,50 puntos por ano, ou fracción equivalente en caso de ser períodos inferiores.

-Por servizos prestados como Profesor de piano, en virtude duna relación laboral retribuída en empresas privadas, a razón de 0,30 por ano, ou fracción equivalente en caso de ser períodos inferiores.

A puntuación máxima nesta parte da Fase de Oposición será de catro puntos.

b) Formación:

-Outra Titulación Oficial Media (Plan 1966) ou Superior doutra especialidade de Música, 0,75 puntos.

-Cursos de Postgrao ou Master relacionados co posto a desempeñar, impartidos por centros de Organismos Oficiais ou dependentes deles, 0,5 puntos por Título.

A puntuación máxima nesta parte da Fase de Oposición será de dous puntos.

A puntuación máxima que se poderá acadar na totalidade da Fase de Oposición será de 6 puntos.

**O TRIBUNAL NON BAREMARÁ A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO/A ASPIRANTE QUE NON REÚNA OS REQUISITOS EXPLICADOS NAS PRESENTES BASES.**

As actividades que non fose realizadas a tempo completo, serán valoradas en proporción ó tempo de desenvolvemento das mesmas, en relación coa xornada laboral habitual no sector da actividade (30 horas lectivas semanais).

A puntuación máxima que se poderá acadar nesta Fase será de 5 puntos.

Os méritos alegados polos aspirantes valoraranse do seguinte xeito:

-Os servizos prestados nas Administracións Públicas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, ou fotocopia compulsada da mesma, que acredite a relación laboral e ou funcional da persoa aspirante.

-Os servizos prestados en empresas privadas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e os documentos orixinais ou copias compulsadas dos contratos acreditativos da relación laboral do aspirante.

En todo caso dos citados documentos deberá desprenderse as funcións e tarefas realizadas.

• Na fase de oposición se realizara un único exercicio que constará de tres partes:

PRIMEIRA: Obrigatorio e eliminatorio: As persoas aspirantes interpretarán un ou varios movementos co piano que determinará O Tribunal de entre dous que xa traerá preparados a persoa aspirante. A duración máxima en total deste primeiro exercicio será de 25 minutos. As obras deberán estar

publicadas e ser de distintos estilos representativos de entre os principais da literatura do instrumento. Valorarase a dificultade Técnica e a interese artística do programa presentado.

Esta primeira parte valorarase cunha puntuación de 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar esta parte da fase e poder desenvolver o seguinte exercicio.

**SEGUNDA: Obrigatorio e eliminatorio:** consistirá no desenvolvemento teórico-práctico dunha clase da súa especialidade ou materia complementaria que teña que impartir no grao elemental ou profesional que determinará o tribunal ( obxectivos, contidos, criterios de avaliación...) que se preparará e exporá nun tempo máximo de 45 minutos e que o tribunal valorará como máximo 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar esta parte da fase.

**TERCEIRA: Coñecemento do idioma Galego:** Consistirá, a elección do tribunal co asesoramento da Área de normalización lingüística, na redacción dun informe, texto ou nun ditado en relación coas funcións do posto durante un tempo máximo de 15 minutos. O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio. Neste exercicio valorarase a corrección gramatical e estilística, así como o emprego dun léxico adecuado ao tema exposto.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a un (1) punto.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, polo que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos que se lle asignarán un (1) punto

-Realizarase, soamente en caso de empate, unha entrevista curricular co/coa aspirante con un máximo de 1 puntos.

#### **VII.- LISTA DE RESERVA.**

Todos os aspirantes que cumpran os requisitos do punto V das presentes bases e acaden unha puntuación mínima de 5 puntos na fase de oposición, incluíranse nunha lista por orde de puntuación durante o período 2.015 - 2.018, para cubrir as vacantes temporais que no posto de Profesor/a de Piano que se poidan dar.

Cando sexa necesario proceder o chamamento para cubrir a praza vacante, ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar por orde de mellor puntuación.

Cando un dos aspirantes incluído na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación, agás que renuncie expresamente á súa incorporación.

## **VII-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Monforte de Lemos.

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da lei de réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo de 7 días naturais dende o día seguinte a publicación do anuncio da praza no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

A instancia acompañarse inescusablemente de fotocopia do DNI en vigor e dos documentos acreditativos dos requisitos e méritos que se aleguen para a súa valoración na fase de concurso (a non presentación ou presentación incompleta inustificada, impedirá que o tribunal os valore na fase de concurso), así como, resgardo normalizado acreditativo do aboamento de 83,88€ de taxa de exame en concepto de dereito de exame ao abeiro da Ordenanza Reguladora de Taxas para o estudio, análise e expedición de documentos, publicada no BOP de Lugo de 29 de decembro de 2011.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a lista de admitidos e excluídos, indicando a causa de exclusión, concedéndose un prazo de tres días hábiles a contar dende o día seguinte o da publicación, para subsanar os posibles defectos ou omisións na documentación presentada. De non existir aspirantes excluídos ,o Alcalde Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

Igualmente se publicarán no taboleiro de anuncios do Concello as datas, lugar, resultados das probas que se realicen así como tódolos anuncios derivados da presente convocatoria.

Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto co teléfono 982 416540 e 982403893.

## **VIII-TRIBUNAL**

O tribunal encargado de xulgar estas probas constitúese por:

Presidente: Don Fernando Sanmartino Pérez, Director Conservatorio Municipal Mestre Ibáñez. Suplente: Andres Campanario Rodríguez, profesor Conservatorio Municipal Mestre Ibáñez.

Vocais: Dona Montserrat Rodríguez Quiroga, María Teresa Domínguez Pereira Profesoras Conservatorio Municipal Mestre Ibáñez e Carlos Rodríguez Fernández Animador Socio Cultural Concello de Monforte de Lemos. Suplentes: Dona Luísa Pallares Álvarez, Don Angel Encinar Arias, Funcionarios do Concello de Monforte de Lemos e Dona María Teresa Diz Alonso, Habilitada de carácter Estatal.

Secretario/a: José María Valcarce Rodríguez Técnico de Administración Xeral  
Suplente: Elisa Martínez Arias Técnico de Administración Xeral.

Os membros do Tribunal deberá absterse de intervir, comunicando a dita circunstancia ao órgano designante, cando concorran neles calquera das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes ás probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte co disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Asímesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando neles concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co disposto no artigo 29 da citada Lei 30/1992.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepción de asistencias se clasificarán consonte o establecido no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razón de servicio

O Tribunal na súa actuación axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto seralle de aplicación á normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 30/1992 do 26 de novembro como na demais normativa de aplicación.

### **IX-PERÍODO DE PROBA**

-Unha vez iniciados os traballos, fíxase un período de proba de quince días para o traballador.

### **X-INTERPRETACIÓN**

Para calquera dúbida que xurda na interpretación destas bases e no desenrolo das probas correspondentes estarase o que decida o tribunal por maioría de votos.

### **XI- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS**

O aspirante proposto para o seu nomemento, nun prazo de cinco días naturais, contado a partir do día seguinte ó da recepción da oportuna notificación presentará no rexistro de documentos do Concello de Monforte de Lemos a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI

-Copia autenticada do título esixido ou certificación académica de estudos realizados, con xustificante do abono dos dereitos para a súa expedición.

-Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que lle incapacite para o desenrolo do posto de traballo de que se trata.

-Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

## **XII-RECURSOS ADMINISTRATIVOS**

As Bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento común, modificada pola Lei 4/99.

Así mesmo a Administración Municipal poderá, no seu caso, revisa-las resolucións do tribunal conforme ó previsto na citada Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Monforte de Lemos , a 1 de Outubro de 2015

Asina:

Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez  
Concelleira de Réxime Interno

ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO ..... NA DATA .....

I.- DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO: DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO:

.....

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI:	TELÉFONO PARTICULAR:	MÓBIL:
HOME: <input type="checkbox"/>	MULLER <input type="checkbox"/>	MINUSVALÍA: <input type="checkbox"/> GRAO ACREDITADO: _____%
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:		
MUNICIPIO	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

EXPOÑO:

Que acepto as bases da convocatoria e que reúno os requisitos esixidos na convocatoria das Bases e presento os documentos acreditativos dos méritos que se alegan para a fase de concurso e xustificante do pago das taxas.

Así mesmo, manifesto que debido a miña minusvalía solicito a adaptación que se adxunta polos motivos que se expresan. (En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e a adaptacións que solicita).

SOLICITO:

Participar no proceso obxecto da convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

....., a..... de.....de .....

(Asinado)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



**XUSTIFICACIÓN DE PAGAMENTO DE TAXAS**

**DATOS PERSOAIS**

APELIDOS E NOME-----

DNI-----

ENDEREZO-----  
-----

TELEFONO-----

**DECLARA:**

Que enterado/a do anuncio de convocatoria para a provisión dunha praza de -----  
-----,  
e coñecedor/a das bases acepta as mesmas e manifesta:

- Naceu o día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.
- Está en posesión do título de:  
\_\_\_\_\_

XUSTIFICACION DE PAGO DAS TASAS DE PARTICIPACIÓN:  
(-----€ na Conta número 2080/0126/20/3110000019)

Espacio para certificación mecánica do Banco , o no seu defecto firma autorizada

Lugar , data e sinatura.

**Exemplar para a Entidade Bancaria**

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

**XUSTIFICACIÓN DE PAGAMENTO DE TAXAS**

**DATOS PERSOAIS:**

APELIDOS E NOME-----

DNI-----

ENDEREZO-----

-----

TELEFONO-----

**DECLARA:**

Que enterado/a do anuncio de convocatoria para a provisión dunha praza de -----

-----,  
e coñecedor/a das bases acepta as mesmas e manifesta:

- Naceu o día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.
- Está en posesión do título de:  
\_\_\_\_\_

**XUSTIFICACION DE PAGO DAS TASAS DE PARTICIPACIÓN:**

(----- € na Conta número 2080/0126/20/3110000019)

Espacio para certificación mecánica do Banco , o no seu defecto firma autorizada

Lugar , data e sinatura.

**Exemplar para o Concello**

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

## XUSTIFICACIÓN DE PAGAMENTO DE TAXAS

### DATOS PERSOAIS

APELIDOS E NOME-----

DNI-----

ENDEREZO-----

-----

TELEFONO-----

### DECLARA:

Que enterado/a do anuncio de convocatoria para a provisión dunha praza de -----

-----,  
e coñecedor/a das bases acepta as mesmas e manifesta:

- Naceu o día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.
- Está en posesión do título de:  
\_\_\_\_\_

XUSTIFICACION DE PAGO DAS TASAS DE PARTICIPACIÓN:

(----- € na Conta número 2080/0126/20/3110000019

Espacio para certificación mecánica do Banco , o no seu defecto firma autorizada

Lugar , data e sinatura.

**Exemplar para o/a aspirante**

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**